

Singing North

1)
auga clarísima
canto máis ao **Norte** iamos, máis monótono facíase
o clac-clac do tren
nada máis que neve
non podía ir a ningunha parte
Norteñidade
longos días estivais cando a neve xa se derreteu
Tan grande. Tan vasto. Tan inmenso. Tan indiferente.
a última luz do ceo
esperanza de vida de 27 anos
parte daquel país
non quixera que rematase xamais
algunha virtude de estar no **Norte**
capacidade suprema respecto ao resto do mundo
tapiz de tundra e taiga
illamento extremo
ártico e subártico

2)
necesariamente un estraño
evocación do infinito
podemos ser irmáns se sabemos contra que estamos
que sabemos da aurora do **Norte**?
encerrar o universal no particular
sen sentido da orientación
era un rei, era un rei?
vida solitaria do eremita **Norte**
escoita un momento
incesante sentimento
matices de verde na auga
cara a cara con este mito
O **Norte**, Alasca, os Territorios do Noroeste e o Yukón
actúan sen motivo aparente
parte daquela pacífica rexión
terra nullius
formalmente un goteo sometido a presión
un idilio co **Norte**

3)
números, cousas cuantificables, cousas mensurables
coñecer tantas persoas
preciosa intimidade
certa virtude especial ao ter estado con pobos primitivos
retirarse ao **Norte**
compartir esta vida
excluindo o resto do mundo que xamais o comprenderá
xamais o saberás, e xamais o saberá ninguén
o **Norte** é tan canadense
confía no teu irmán

GALEGO

sociedade oral
Os inconformistas poden vivir e prosperar
ir ata alá para atoparme ou perderme a min mesmo
40 días sen comida e o demais
así é como somos no **Norte**
ser un eremita por vontade máis que por necesidade
aceptar un desafío ou escapar dun mesmo
doce é o froito da adversidade

4)
alzar a nosa mirada, ou os nosos mísiles, ou as nosas mensaxes
vendo que hai tras as nosas cabezas
vida solitaria de calquera lugar onde se illa
o **Norte** é proceso
entrañables esquimós e os seus brillantes iglús brancos
completamente perdidos
gobernados polo nexo do diñeiro no **Norte**
o valor doutro ser humano
contradicións nas sociedades
O Dourado e Utopía sempre estiveron en lugares descoñecidos
o rico **Norte**... o vasto, grande, baleiro, inútil deserto
negro submiso, muller submisa, indio submiso
cantan, berran, bailan
karmala... parasito... verme
o ruído da civilización e os seus descontentos
o infinito que é a nosa esperanza consciente
manto de aire cálido
imos facer cousas dramáticas
dalgún modo xa fixemos cousas dramáticas

5)
un modo ritual
zonas primitivas entre xentes primitivas
o **Norte** é universal
ir con seguridade dende o coñecido cara ao descoñecido.
ningún equivalente moral da guerra.
rodando cara ao **Norte** durante infinitas millas de aceiro
rítmica monotonía
recreación, re-creación, a oportunidade de estar só, en silencio no **Norte**
milla 214, milla 215, milla 216
solitario en moitos aspectos
a escuridade da noite
nai natureza, nai natureza
o **Norte** é a guerra
limpeza, certeza, firmeza
combinadas para desafiar, ou medir, ou ler, ou comprender, ou vivir
país llanísimo
Estou aquí. Cheguei aquí. Vivo aquí. Vivo. Respiro. Camiño. Río.
esgótaseme a paciencia comigo mesmo

Singing North, para cantante baixo tocando campás tibetanas, nace da miña colaboración con Massimo Bartolini a partir da súa instalación *Hum*, dedicada á súa vez a Glenn Gould. Seguindo o exemplo de Luigi Nono en pezas como *A floresta é jovem e cheia de vida*, escollín fragmentos de texto como «libreto» para a miña obra. Neste caso proceden dunha transcripción do texto radiofónico *The Idea of North* de Glenn Gould (1967). Na obra orixinal, Gould empregaba descrições da vida dos canadenses que viven illados no norte do país, contadas por eles mesmos, como material para un traballo polifónico para fita magnetofónica. Os textos son descritivos («matices de verde na auga»), filosóficos («encerrar o universal no particular») ou poéticos («Estou aquí. Cheguei aquí. Vivo aquí. Vivo. Respiro. Camiño. Río.») e expresan ás veces o racismo de quen, como un colonizador, aceptou vivir lonxe da súa propia cultura para obter proveito («negro submiso, muller submisa, indio submiso»). A miña peza articúlase en cinco seccións que comezan co nome cantado dun pobo do norte de Canadá na lingua dos nativos daquela terra xeada: os inuit. En cada «movemento», a palabra Norte recítase cantando coas alturas, unha a unha, do nome do país cantado ao inicio do movemento. A metade de camiño de cada sección pódese oír unha sorpresa sonora que interrompe a «rítmica monotonía» da recitación. O propio Gould aparece citado no texto («necesariamente un estraño») e a peza remata cunha frase irónica consigo mesmo: «esgótaseme a paciencia comigo mesmo». Hai citas de Shakespeare («doce é o froito da adversidade») e de Freud («o ruído da civilización e os seus descontentos»). Cada palabra vén do texto de *The Idea of North*. En *Singing North* hai tres estilos de recitar cantando. O nome do pobo que introduce

cada sección e o comezo do himno de Canadá que interrompe a terceira sección como sorpresa sonora («o Norte é tan canadense») cántanse «normalmente» cunha vogalidade belcantista. As alturas cantadas sobre os nomes dos pobos proveñen dunha serie dodecafónica e medio elaborada polo compositor. A maior parte do texto fálase libremente para gozar do timbre da voz do intérprete e axudar ao público a comprender o texto, sobre todo no ambiente da instalación, onde o son procede dunha parede. A palabra Norte recítase cantando co *Sprechgesang* schönbergiano. Para o uso da serie dodecafónica e o *Sprechgesang*, convén recordar o amor que Gould sentía pola música de Arnold Schönberg. O texto recitado é interrompido, cunha estrutura numérica precisa, por intervencións con características diferentes para cada movemento e procedentes, como inspiración e non imitación, do canto *katajjaq* dos inuit. A interacción entre estes timbres vogais e o libreto é un intento de crear unha intertextualidade musical, como unha nova forma de linguaxe musical no sentido do *langage musical* francés.

O último elemento sonoro é a campá tibetana. O devandito instrumento desenvolve o espectro harmónico cara arriba, mentres que o canto difónico *katajjaq*, que nalgúns versos se parece ao canto *Gügye* tibetano, o desenvolve cara a abaixo, creando unha extensión de parciais ata os confíns das posibilidades do oído humano. As campás tamén serven para anunciar o inicio de cada un dos cinco movementos deste «modo ritual». Lembran, en fin, unha viaxe nacida do meu propio «idilio co Norte», unha peregrinación ao mosteiro tibetano máis grande do mundo: Tawang, en Arunachal Pradesh (actualmente un estado da India).

Nicholas Isherwood